

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, S.L.U. PARA A DIFUSIÓN DE CONTIDOS QUE POTENCIEN O TURISMO DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra, **Corporación Voz de Galicia, S.L.U** con NIF B15292022, e no seu nome e representación, D. Luis Miguel Blanco Penas, en virtude de escritura de apoderamento outorgada ante o notario da Coruña, don Francisco Manuel Ordóñez Armán, o día 26 de xullo de 2011, baixo o número 1992 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Entre os obxectivos básicos establecidos no artigo 2 dos seus Estatutos atópanse a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.

O artigo 9 dos devanditos Estatutos establece as funcións e competencias que ten atribuídas para acadar os citados obxectivos, entre as que se establece a planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, o desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo, e o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que Corporación Voz de Galicia, S.L.U. é a empresa matriz dun grupo de comunicación ao que pertencen, entre outras sociedades, La Voz de Galicia, S.A., empresa dedicada á composición e á edición de prensa periódica e editora do xornal "La Voz de Galicia", da web www.lavozdeg Galicia.es e do portal "www.venagalicia.gal", así como Voz de Galicia Radio, S.L.U., titular da emisora de radio "RadioVoz".

A través de todos estes medios, a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. publica noticias e informacións de interese para a promoción turística de Galicia. Neste labor, destaca o lanzamento do portal denominado www.venagalicia.gal, coa finalidade de difundir contidos relacionados co turismo en Galicia prestando especial atención ao Xacobeo, que transmitiu unha imaxe atractiva de Galicia e aportou numerosa información de utilidade para potenciar Galicia como destino turístico.

Parte dos contidos deste portal compartiranse en redes sociais e publicaranse no xornal "La Voz de Galicia" e na emisora de radio "RadioVoz".

Terceiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, proxectar unha imaxe atractiva e segura da nosa comunidade como destino turístico, con especial incidencia nos medios dixitais, que permiten chegar a turistas potenciais doutros países. Neste sentido, a utilización dun portal dixital especializado como "www.venagalicia.gal", con apoio noutros



medios do grupo de Corporación Voz de Galicia, S.L.U., permite a transmisión destas mensaxes a través de medios que xa contan cunha audiencia definida e un número de seguidores estable.

Cuarto.- Que as dúas partes entenden que é importante fomentar, promover e divulgar actividades e información específica relacionada coa proxección dos valores culturais, patrimoniais, históricos e experienciais que representa Galicia, incluíndo no referente ao Camiño de Santiago, de xeito que os turistas perciban que visitar Galicia é un plan vacacional atractivo, de calidade e seguro nun momento de incerteza para todo o sector turístico galego e para toda a infraestrutura vencellada coa ruta Xacobeá.

De tal xeito son obxectivos deste convenio de colaboración contribuír á divulgación de contidos vinculados a Galicia, incluíndo ao Camiño de Santiago, difundir os seus valores culturais, patrimoniais, históricos e experienciais, implicar a prescriptores de viaxes e firmas de recoñecido prestixio na promoción activa de Galicia como destino, dar a coñecer as iniciativas que desenvolve o sector turístico galego para o correcto desenvolvemento da súa actividade e promocionar Galicia como un destino turístico atractivo, de calidade e seguro.

Quinto.- Que a colaboración público privada na consecución destes fins comúns xustifica a sinatura do convenio.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para informar e difundir nos medios do seu grupo contidos vinculados a Galicia, incluíndo ao Camiño de Santiago, que promocionen Galicia como un destino turístico atractivo, de calidade e seguro, con especial incidencia nos



medios dixitais, no que se publicarán con periodicidade semanal noticias e información de utilidade para os turistas.

Segunda.- Compromisos das partes

1. A Corporación Voz de Galicia, S.L.U. queda obrigada, directamente ou a través da sociedade do seu grupo editora do medio, a:

- Difundir contidos que se consideren de interese a través de “www.venagalicia.gal”, cunha periodicidade mínima semanal e publicación dos devanditos temas no diario La Voz de Galicia
- Realización e difusión dos contidos publicados nas emisoras de RadioVoz
- Traducir parte dos contidos que se publiquen en “www.venagalicia.gal” aos idiomas portugués e inglés, cun mínimo de dous contidos ao mes.
- Implicar a prescriptores de viaxes e firmas de recoñecido prestixio nas actuacións específicas que se realicen en Internet, no xornal e na radio.
- Xestionar os informes de resultados para trasladar á Axencia de Turismo de Galicia.
- Ter en consideración as observacións que formule a Axencia de Turismo de Galicia en relación cos datos e informacións a publicar co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes.
- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Axencia de Turismo de Galicia para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.



- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia de Turismo de Galicia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

2. Serán obrigas da Axencia de Turismo de Galicia:

- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información responsabilizándose a Axencia dos datos e documentación que facilite para a execución do convenio.
- A Consellería comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.



Terceira.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula primeira ascende a 217.000,00€ que se distribúen do seguinte xeito:

	Achega CLVG	Achega ATURGA
Elaboración, edición e publicación de 5 temas ao mes na web www.venagalicia.gal e www.lavozdeg Galicia.es	26.950,00 €	49.000,00€
Publicación dos devanditos temas no diario La Voz de Galicia	23.100,00 €	42.000,00 €
Realización e difusión dos contidos publicados nas emisoras de RadioVoz	23.100,00 €	42.000,00 €
Tradución dos contidos a portugués e inglés (mínimo 2 contidos ao mes) e xestión de informes	3.850,00 €	7.000,00 €
Total	77.000,00€	140.000,00 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 140.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. En todo caso, as achegas da Axencia de Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que CORPORACION VOZ DE GALICIA SLU obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da CORPORACION VOZ DE GALICIA SLU unha vez que a entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Cuarta.- Resultados conxuntos

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.



As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da Xunta de Galicia e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia de Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que CORPORACION VOZ DE GALICIA deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen, de conformidade co seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o 30 de novembro de 2024.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula cuarta deste convenio, minorárase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente



O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través



de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo Cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Corporación Voz de Galicia, S.L.U.

Xosé Manuel Merelles Remy

Luis Miguel Blanco Penas

